



## Loita contra o fraude

### RESUMO

Os organismos intermedios de xestión (OIX) do FEMP da Consellería do Mar, polo tanto, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (DXPAIT) e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DXDP) no eido da loita contra o fraude, actuarán en coordinación coa Autoridade de Xestión (AX), co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (AFCOS), así como co resto de autoridades do FEMP e outras administracións ou organismos, incluída a *Oficina Europea de Lucha contra el Fraude* (en diante OLAF). Estes OIG tamén deberán realizar comprobacións encaminadas ao control do fraude e comunicar os seus resultados á AX. As actuacións desenvolveranse nos catro ámbitos do ciclo da loita contra o fraude: prevención, detección, corrección e persecución. As devanditas acción serán proporcionais aos riscos detectados.

Entre as medidas de **prevención** pódense citar a existencia dunha política de loita contra o fraude, recollida nun documento para cada un dos organismos de xestión; análise de risco de fraude; formación etc...

Como exemplos de medidas de **detección** temos a información que se obtén de diversas bases de datos (base nacional de subvencións, sistema de información do rexistro administrativo de apoio á administración de xusticia (SIRAJ)...); informes de distintas unidades administrativas, etc...

A **corrección** do fraude implica que ante a sospeita da existencia dun feito destas características, procederase a paralización do expediente; notificación aos órganos implicados, etc...

Finalmente, as medidas de **persecución** no ámbito administrativo dos OIG implicará a revisión dos procedementos de xestión e control, de se-lo caso; facilitar o fluxo de información e cooperación entre administracións de feito que se consiga un efecto disuasorio entre os potenciais beneficiarios de fondos públicos, etc...